



**DECRETO DE ALCALDÍA POLO QUE SE RECTIFICA O ERRO MATERIAL ADVERTIDO NO DECRETO Nº 2021-2087, DE APROBACIÓN DE BASES E CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA PARA A PROVISIÓN INTERINA DE PRAZAS DE TÉCNICO DE XESTIÓN GRUPO A, SUBGRUPO A2 NO CONCELLO DE PONTEAREAS.**

Advertido erro de transcripción nos documentos, no valor de penalización das respostas incorrectas no cuestionario tipo test., e de conformidade co artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de 2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, procédese a corrixilo.

**DISPOÑO**

**PRIMEIRO:** Rectificar o erro material advertido nas bases específicas polas que se rexerán o proceso selectivo mencionado:

**Artigo 8.- Proceso de selección.**

**Onde di:** **A) Primeiro exercicio**, obligatorio e eliminatorio: consistirá en contestar por escrito un cuestionario, tipo test, de 80 preguntas, con respostas alternativas baseadas no contido do programa anexo á convocatoria, con 6 preguntas de reserva. Neste exercicio cada pregunta constará de catro posibles respostas, sendo soamente unha correcta, **penalizando cun punto** cada dos respostas incorrectas e non puntuando as preguntas non contestadas. O tempo máximo de duración deste exercicio será de 1 hora e media.

A puntuación máxima por este exercicio serán 10 puntos sendo preciso obter un mínimo de 5 puntos para superalo.

**Debería Dicir:** **A) Primeiro exercicio**, obligatorio e eliminatorio: consistirá en contestar por escrito un cuestionario, tipo test, de 80

preguntas, con respuestas alternativas baseadas no contido do programa anexo á convocatoria, con 6 preguntas de reserva. Neste exercicio cada pregunta constará de catro posibles respuestas, sendo soamente unha correcta, **penalizando cunha resposta correcta** cada das respuestas incorrectas e non puntuando as preguntas non contestadas. O tempo máximo de duración deste exercicio será de 1 hora e media.

A puntuación máxima por este exercicio serán 10 puntos sendo preciso obter un mínimo de 5 puntos para superalo.

**SEGUNDO.** Dispoñer a publicación desta Resolución no BOPPO, na sede electrónica do Concello de Ponteareas e na páxina web municipal <http://ponteareas.gal/>.

**TERCEIRO.-** Contra o presente Decreto que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse calquera dos recursos que se indican a continuación:

I.- Recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o presente Decreto, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da publicación do mesmo no Boletín Oficial da provincia (artigos 112, 115, 116, 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de 2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

Transcorrido un mes desde a interposición do recurso sen que se dite e notifique a súa resolución entenderase desestimado por silencio administrativo, podendo neste caso interpoñer contra a desestimación presunta recurso contencioso administrativo dentro do prazo de seis meses.

II.- Recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses desde o día seguinte ao da publicación do presente Decreto.

En ambos os casos, o recurso contencioso-administrativo interpoñerase perante o xulgado do Contencioso-Administrativo en cuxa circunscripción teña o seu domicilio o demandante ou se ache a sede do órgano autor do acto impugnado, a elección daquel (artigos 8.1 e 14.1.2<sup>a</sup> da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

III.- Todo iso sen prexuízo de que o interesado exercite calquera outro recurso que estime procedente (artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de 2015, do Procedemento Administrativo Común



das Administracións Públicas).

Ponteareas, Documento asinado dixitalmente á marxe